

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 12 de abril de 2024**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día doce de abril do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33627.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 5 de abril de 2024.

2.33628.- APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA COPA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024”. (Expte.2024022959)

Primeiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024, no que se incluía unha asignación de 120.000,00 € á Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra.

Segundo.- En data 04/04/2024 A Vicepresidenta Segunda da inicio ó expediente para a tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol, para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra feminina e masculina 2024.



Terceiro.- En data 05/04/2024 informase por parte do servizo de deportes da memoria xustificativa da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra.

Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 09/04/2024 da Copa de Fútbol Deputación de Pontevedra

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Que entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.



- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.
- Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

Por outra banda, no seu artigo 51 ás federacións deportivas galegas coma entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación esténdese ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón que entre os seus obxectivos esta o de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva en exclusividade, neste sentido a Lei confírelle ás federacións funcións delegadas públicas de carácter administrativo que se recollen no artigo 56, entre estas funcións podemos destacar a de colaborar coas administracións públicas na promoción das súas respectivas modalidades e a de organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.

A mencionada Lei, define no seu artigo 19 as competicións oficiais de ámbito autonómico coma as cualificadas como tales polas respectivas federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica dentro do seu ámbito competencial e no seu apartado 2 indica que estas serán organizadas pola correspondente federación deportiva galega de forma directa.

Quinto.- No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra 2024, co seguinte contido:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A REAL  
FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DA COPA  
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024*

*En Pontevedra*

*REUNIDOS*

*Luis López Diéguez, Presidente da Deputación de Pontevedra actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*



*Rafael Louzán Abal, presidente da Real Federación Galega de Fútbol, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.*

*Dando fe do acto, Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*Ambas as partes reconécese con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas,*

## EXPOÑEN

*Primeiro. Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

*Segundo. Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36.d) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.*

*Terceiro. Que entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:*

- Fomentar, promover e difundir o deporte.*
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.*
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.*

*Cuarto. Que entre as funcións das federacións, a lei do Deporte de Galicia no seu artigo 56 encoméndalle a organización das competicións oficiais autonómicas ás federacións, así como, colaborar coas administracións públicas na promoción das respectivas modalidades.*

*Quinto. Que o deporte érxese hoxe en día tanto como unha actividade enormemente enriquecedora e xeradora de benestar persoal, como un importante instrumento de cohesión social, un eficaz vehículo para a transmisión de valores e un sólido elemento de impulso económico, consolidándose durante a crise sanitaria como unha actividade esencial para os españois.*



*Sexto. Que a Copa Deputación de Pontevedra masculina e feminina viñanse celebrando ao longo dos anos, no ano 2020 a copa masculina chegaba a súa XIII edición, mentres que a feminina chegaba a VI edición. Con motivo da pandemia COVID-19, a competición sofre un parón debido a natureza non oficial da competición, o que fai reflexionar á Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol, buscando unha solución e dándolle un carácter oficial que fai que os clubs e os propios deportistas estean protexidos por unha normativa e unha oficialidade necesaria para a continuidade da mesma.*

*Deste xeito, ambas entidades acordan colaborar para garantir a continuidade desde evento, asumindo a Federación a organización e dirección dos aspectos técnicos e deportivos, en coordinación coa Deputación de Pontevedra da “Copa Deputación de Pontevedra”.*

*Sétimo. Deste xeito, e sendo de interese para as partes que a Copa Deputación de Pontevedra siga levándose a cabo, fomentando o deporte e a modalidade de fútbol na provincia de Pontevedra,*

#### ACORDAN

*Formalizar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e realización da Copa Deputación de Pontevedra feminina e masculina 2024 (en diante aparecerá denominado como “convenio”) con suxeición ás seguintes:*

#### CLÁUSULAS

*Primeira. Obxecto do convenio:*

*O obxecto deste convenio é establecer e regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Real Federación Galega de Fútbol para a organización e a realización da Copa Deputación feminina e masculina de Pontevedra 2024.*

*Segunda. Equipos participantes:*

*Teñen o dereito a participar nesta competición masculina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra, Santiago e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría afeccionados de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador.*

*Teñen o dereito a participar na competición feminina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría sénior feminino de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador.*

*Terceira. Obrigas da Deputación de Pontevedra:*

*O organismo provincial comprométese a:*

- Participar na organización do evento no que atinxe á determinación conxunta ca Federación dos requisitos de participación, calendario, probas deportivas e determinación dos premios.*
- Aboar os premios a cada un dos clubs participantes en relación ás rondas gañadas na Copa Deputación de Pontevedra, estes premios estableceranse de acordo ao Anexo I, no que se detalla o importe para cada club segundo a posición acadada na copa.*



- Sufragar os gastos asociados aos arbitraxes das finais feminina e masculina da Copa Deputación de Pontevedra, sendo 231,00 € por partido o que fai un total de 462,00 €.

*Cuarta. Obrigas da Federación:*

*A Real Federación Galega de Fútbol comprométese a:*

- Organizar e coordinar todos os aspectos regulamentarios e de participación da Copa Deputación de Pontevedra, como poden ser a inscrición dos clubs, o sorteo, o calendario e a designación de sedes e arbitraxes.
- Fomentar e facilitar a participación dos club de fútbol da provincia de Pontevedra na Copa Deputación de Pontevedra.
- Aboar as cantidades aos equipos participantes en concepto de participación, definidas na cláusula quinta do convenio.
- Responsabilizarse de calquera incidencia que poda xurdir na participación dos clubs na Copa Deputación de Pontevedra.
- Cumprir cos requisitos que marca a lexislación vixente para os organizadores de competicións oficiais.
- Realizar a Copa Deputación de Pontevedra baixo os principios de igualdade, transparencia, respecto, xogo limpo e seguridade.

*Quinta. Importe por participación:*

*A Real Federación Galega de Fútbol aboará a cantidade de 59.200,00€, tanto para os clubs femininos, coma para os masculinos, en concepto de participación na Copa, sendo os importes os seguintes:*

- Aos equipos de preferente 800,00 €.
- Aos equipos de 1ª Galicia 500,00 €.
- Aos equipos de 2ª e 3ª Galicia 300,00 €.

*Sexta. Importe dos premios:*

*A Deputación de Pontevedra aboará os premios, concordados entre a Real Federación Galega de Fútbol e a Deputación de Pontevedra para a presente edición da Copa Deputación, que se recollen no Anexo I do presente Convenio.*

*Os importes dos premios para cada eliminatoria dentro de cada fase serán iguais para homes que para mulleres.*

*Os premios ás entidades participantes, determinados en función do resultado nas diferentes rondas, terán natureza xurídica de subvención, de acordo cos criterios establecidos na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*

*Sétima. Financiamento da Deputación de Pontevedra:*

*As actuacións recollidas neste acordo por parte da Deputación de Pontevedra financiaranse a través da aplicación orzamentaria 24/340.3410.489.07 por un importe global de 120.000,00 €.*

*En todo caso, os gastos aos que se compromete a Deputación de Pontevedra coa firma deste convenio, non poderán ser superiores a o importe global de 120.000,00 €.*



*Oitava. Formalización de pago dos premios:*

*Para levar a cabo o pago dos premios e dos arbitrxes, as entidades interesadas deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social, circunstancias que serán comprobadas nas condicións establecidas na presente cláusula, e non incorrer en ningunha das outras prohibicións sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG), e estarán sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas no artigos 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no 11 da LSG.*

*Deste xeito, consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:*

- NIF das entidades premiadas.
- DNI ou NIE da persoa representante legal do club ou da entidade.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

*En caso de que as entidades interesadas se opoñan á consulta deberán indicalo no modelo de Declaración responsable e comprobación de datos que se recolle como Anexo II deste Convenio. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.*

*O pagamento dos importes correspondentes aos premios efectuarase mediante transferencia bancaria, previa incorporación ao expediente do certificado federativo indicando a posición acadada e a fase na que foi eliminado. A Deputación de Pontevedra comprobará o cumprimento dos requisitos previstos nesta cláusula, e, no seu caso, mediante resolución presidencial, aprobará o citado pagamento, acto que será oportunamente notificado á entidade interesada.*

*Novena. Notificación electrónica:*

*As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.*

*Décima. Comisión de seguimento:*

*Para o seguimento do grao de execución do convenio e a proposta de solución de controversias que a súa interpretación poida motivar poderase crear unha comisión de seguimento.*

*Décima primeira. Responsabilidades:*

*A Real Federación Galega de Fútbol, exime de toda responsabilidade á Deputación de Pontevedra, en calquera circunstancia na que se poida incorrer na participación dos equipos e dos deportistas como consecuencia da realización da competición prevista no presente convenio.*

*Décima segunda. Entrada en vigor e vixencia do convenio:*

*A vixencia deste convenio entenderase dende o día seguinte da súa sinatura ata o 30 de outubro de 2024, unha vez finalizadas as obrigas das partes previstas no presente convenio.*



*Décima terceira. Extinción e efectos da resolución dos convenios:*

*O presente acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.*

*Décima cuarta. Rexistro de convenios e remisión ao Consello de Contas:*

*En aplicación da Resolución presidencial de aprobación da instrución para a tramitación dos convenios, no seu apartado 7 dispón que todos os convenios formalizados pola Deputación inscribíranse nun rexistro de convenios, dependente da Secretaría Xeral, accesible na plataforma de xestión de expedientes da Deputación.*

*Correspóndelle á Unidade Responsable de Transparencia darlle cumprimento aos requirimentos sobre publicidade activa de convenios de colaboración que establece o Regulamento de transparencia e acceso á información da Deputación de Pontevedra.*

*Correspóndelle á Intervención provincial, a partir dos datos do rexistro de convenios, a remisión electrónica dos importes dos premios acadados polas entidades ao Consello de Contas, de acordo co procedemento establecido na Resolución presidencial núm. 2017008767, de 3 de maio de 2017, e no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

*Décima quinta. Réxime xurídico e lexislación aplicable:*

*O presente Convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*

*Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do acordo, será de aplicación o disposto no propio acordo, e na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o resto do ordenamento xurídico e a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Os premios ás entidades participantes terán natureza xurídica de subvención, polo que ademais da normativa referida, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.*

*As partes comprométese a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos do presente acordo. En caso de non ser posible unha solución amigable, e resultar procedente litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver devanditas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

*En proba de conformidade asíñase o presente convenio dixitalmente polas partes.*





## ANEXO I - PREMIOS

### FASE PREVIA

Os equipos que xoguen a fase previa, tanto na copa feminina coma masculina percibirán 150,00 € pola eliminatoria, tanto o gañador coma o perdedor.

### FASE FINAL

Os importes para cada ronda serán os seguintes:

Sesentaecatroavos de final (1/64)		250,00 €
Trintaedousavos de final (1/32)		350,00 €
Dezaseisavos de final (1/16)		450,00 €
Oitavos de final (1/8)		550,00 €
Cuartos de final (1/4)		650,00 €
Semifinais (1/2)	Non clasifica	900,00 €
	Clasifica	1.200,00 €
Final	2º clasificado	1.500,00 €
	1º clasificado	3.000,00 €

### 3.33629.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE ESTRADA MUNICIPAL EN BRETOÑA (BARRO)” (Expte.2024018837)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 19/03/2024, mediante rexistro WEB2024018108, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de BARRO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 69.927,44 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DE ESTRADA MUNICIPAL EN BRETOÑA (BARRO)”, cuxo orzamento ascende a 69.927,44 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	69.927,44	69.927,44	0,00	0,00

O importe da subvención solicitada de 69.927,44 euros financia 66.042,59 euros de execución de obra e 2.219,91 euros de honorarios de redacción de proxecto e 1.664,94 de honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade e dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



## II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 04/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 04/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Barro*, CIF: P3600200D, unha subvención por importe de 69.927,44 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de estrada municipal en Bretoña (Barro)*” (Expte.2024018837)”, cuxo orzamento ascende 69.927,44 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	69.927,44	69.927,44	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Barro*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33630.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CATOIRA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL E DOS HONORARIOS TÉCNICOS DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS E ASEOS DO CAMPO DE FÚTBOL AS LOMBAS” (Expte. 2024016817)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante *Plan + Provincia 2024*, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

No marco do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas-PEID o *Concello de Catoira* solicitou unha subvención por importe 36.587,29 € para financiar a actuación denominada “*Construcción de vestuarios e aseos do campo de fútbol As Lombas*” (Expte. 2024017352) cun orzamento de 99.283,97 € (95.465,37 € de execución de obra, 2.863,95 € de honorarios de dirección de obra e 954,65 € de coordinación de seguridade e saúde), sendo a achega municipal de 62.696,68 €, quedando configurada a súa solicitude:

Programa	Orzamento	Subvención Deputación (PEID)	Achega municipal (Concello Catoira)
Plan extraordinario de infraestruturas deportivas-PEID-exp: 2024017352	99.283,97 €	36.587,29 €	62.696,68

Nas bases do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas-PEID, establécese que para facer efectiva a achega municipal o concello poderá financiarse con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.

Neste contexto, en data 08/03/2024 con número de rexistro WEB2024016196,, formalmente e en prazo, emendado en datas posteriores, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, petición do *Concello de Catoira* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 2ª, 3ª das reguladoras, solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe



de 62.696,68 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan extraordinario de infraestruturas deportivas-PEID e os honorarios técnicos do investimento “*Construcción de vestuarios e aseos do campo de fútbol As Lombas*” cun orzamento de 99.283,97 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Concepto	Orzamento-€	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024-€	Fondos propios do Concello/Achegas doutros Plans- €
Execución obra	95.465,37	58.878,08	36.587,29 (PEID)
Honorarios	3.818,60	2.863,95 (dirección)+ 954,65 (coordinación)=3.818,60	0,00
TOTAL	99.283,97	62.696,68	36.587,29 (PEID)

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade e uso do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial.

A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación requirida.

A execución e a xustificación deste investimento suxeitarase, as norma do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Plan extraordinario de infraestruturas deportivas-PEID.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación



## II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024, que indica que as propostas de concesións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 12/03/2024, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 01/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 09/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Catoira*, CIF: P3601000G, a cantidade de 62.696,68 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan extraordinario de infraestruturas deportivas-PEID e os honorarios técnicos do investimento “*Construción de vestiarios e aseos do campo de fútbol As Lombas*” (Expte.2024016817), cun orzamento que ascende a 99.283,97 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Concepto	Orzamento-€	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024-€	Fondos propios do Concello/Achegas doutros Plans- €
Execución obra	95.465,37	58.878,08	36.587,29 (PEID)
Honorarios	3.818,60	2.863,95 (dirección)+ 954,65 (coordinación)=3.818,60	0,00
TOTAL	99.283,97	62.696,68	36.587,29 (PEID)

- A concesión da subvención realizarase contra a aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio na que existe crédito para atender o gasto. Non obstante, posteriormente a subvención xerará crédito na aplicación que corresponda.





- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A execución e xustificación deste investimento rexerese polas normas do plan que se co-financia, Plan extraordinario de infraestrutura deportivas-PEID aprobado por acordo núm. 2.33272 da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, adoptado na sesión ordinaria do 15 de decembro de 2023 (BOPPO nº 245 do 22/12/2023).
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de Catoira*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.33631.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MORAÑA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO DA ACHEGA AO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (PEID9 PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “CAMPO DE FÚTBOL DE MIRALLOS. MORAÑA. PONTEVEDRA. FASE 2”. (Expte. 2024019422)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 21/03/2024, mediante rexistro WEB2024018722, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha solicitude do concello de Moraña na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª e 23ª das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 350.248,75 euros, co obxecto do investimento “*Campo de fútbol de Mirallos. Moraña. Pontevedra. Fase 2*”, cuxo orzamento ascende 390.968,39 euros. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda solicitada, por importe de 40.719,64 euros, ao Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial (PEID), quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención solicitada	Axudas solicitada PEID
2024	390.968,39	350.248,75	40.719,64

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.



Consta no expediente certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que na data da solicitude de subvención estaba pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (AXI) e da Consellería do Medio Rural.

A petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación. Non obstante, a concesión queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do investimento subvención as devanditas autorización, a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III).

A execución deste investimento, así como, a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se cofinancia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 22/03/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 25/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moraña* CIF P3603200A a cantidade de 350.248,75 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID) para a execución da actuación “*Campo de fútbol de Mirallos. Moraña. Pontevedra. Fase 2*” (expediente: 2024019422) cuxo orzamento ascende 390.968,39 €. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda solicitada, por importe de 40.719,64 €, ao Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial (PEID), quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención solicitada	Axudas solicitada PEID
2024	390.968,39	350.248,75	40.719,64

- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo III).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención xerárase crédito na correspondente aplicación orzamentaria e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento, rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan extraordinario de infraestrutura deportivas (PEID) aprobado por acordo núm. 2.33272 da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, adoptado na sesión ordinaria do 15 de decembro de 2023 (BOPPO nº 245 do 22/12/2023).
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Moraña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.33632.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE PLUVIAIS NOS CAMIÑOS CACHAFEIRO E DO CASTAÑO”.  
(Expte. 2024019394)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 21/03/2024, mediante rexistro WEB2024018688, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de POIO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 70.920,82 euros, co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACION E AMPLIACION DA REDE DE PLUVIAIS NOS CAMIÑOS CACHAFEIRO E DO CASTAÑO”, cuxo orzamento ascende 70.920,82 euros, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	70.920,82	70.920,82	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, achegando as autorizacións sectoriais precisas para a súa execución.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### 1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

### RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

#### PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/04/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 02/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B, unha subvención por importe de 70.920,82 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Pavimentación e ampliación da rede de pluviais nos camiños Cachafeiro e do Castaño*” (Expte. 2024019394)”, cuxo orzamento ascende 70.920,82 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	70.920,82	70.920,82	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Poio*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.33633.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO”.  
(Expte.2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a derivada do traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto elaborado por PROYFE S.L., co CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND), cun prazo de execución de oito (8) meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 31 de xaneiro de 2022 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o 30/09/2022; prazo ampliado posteriormente ata o 28 de febreiro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de setembro de 2022 (acordo nº 10.32104).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o 13.01.2023, acordou aprobar o proxecto modificado da obra “*Traslado do Parque de Maquinaria ao polígono de Barro*”, por importe de 2.745.532,96 € e conceder unha prórroga de un (1) mes na execución do citado proxecto, establecendo como data para finalizar a obra o 28 de marzo de 2023; prazo ampliado sucesivamente ata o 27 de outubro de 2023 por acordos da Xunta de Goberno nº 14.32451, de 17 de marzo de 2023, nº 8.32650, de 19 de maio de 2023 e nº 8.32650, de 25 de agosto de 2023.

Resultando.- Que debido as inclemencias meteorolóxicas adversas que se estaban a dar e a previsión de que continuasen as precipitacións, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o 20 de outubro de 2023, acordou autorizar a suspensión da execución do proxecto “*Traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro*”, con efectos dende o 17 de outubro de 2023, data na que se asina a acta de paralización pola dirección de obra e a empresa TRAGSA; con data 4 de abril de 2024 asinase a correspondente acta de reinicio entre a empresa e a dirección de obra, quedando nese intre DEZ (10) DIAS, para finalizar a obra.





Resultando.- Que o 02.04.2024 ten entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita a ampliación do prazo de execución do citado proxecto por un período de DOUS (2) MESES, xa que logo “[...] Nunha das visitas á obra detectouse que na planta baixa do Edificio Administrativo do novo Parque de Maquinaria existía unha importante fuga de auga procedente dalgunha tubaxe das instalacións, causando importantes estragos na zona dos vestiarios, corredor de acceso á nave taller e cuartos de instalacións; debido a que a obra estaba neses momentos paralizada, non se puido detectar antes dita fuga.

*Esta anomalía implicará ter que reponer os marcos, guarnicións e carpinterías que dan fronte ao corredor, así como o rodapé de toda a planta baixa, a substitución completa do falso teito coa súa subestrutura na zona do corredor, e reponer as luminarias e as luces de emerxencias desa zona. É necesario solicitar novas subministracións para poder acometer todas estas actuacións que poden dilatarse varias semanas no tempo.*

*Ademais, os fortes ventos e choivas dos últimos meses teñen causado estragos na impermeabilización de cuberta, sendo necesarias reparacións puntuais.*

*Isto trae como consecuencia a necesidade de realizar novas actuacións, antes de continuar coa finalización dos traballos de execución das partidas restantes, o que supón unha inevitable ralentización do programa das obras e a imposibilidade de rematalas dentro do prazo actualmente fixado por causas alleas á empresa TRAGSA...”*

Resultando.- Que en data 4 de abril de 2024 a dirección da obra emitiu informe (CSV:HYQGN00YKCJENHSU) recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa e que as características técnicas das obras non se verán afectadas por esta ampliación, entendendo xustificada a concesión da prórroga do prazo de execución ata o 14 de xuño de 2024.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario e do Interventor, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.

Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.



Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolvese sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do proxecto de traslado do Parque de Maquinaria ao Polígono de Barro, establecendo como data para finalizar a obra o 14 de xuño de 2024.

8.33634.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLO CONCELLO DE TUI Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O PROXECTO “ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE NA EMPRESA E AUDITORÍA RETRIBUTIVA”. (Expte.2023017321)

O Concello de Tui solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Elaboración e implantación do I Plan de igualdade na empresa e auditoría retributiva*” a través da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023, que se leva a cabo desde o Servizo de Igualdade. Esta convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 29 de 10 de febreiro de 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión do 11 de agosto de 2023, concederlle ao Concello de Tui unha achega de 5.857,54 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, a través de escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación, os días 6 e 14 de marzo de 2024, co número de entrada WEB2024015485 e WEB2024017463, presenta renuncia á subvención concedida por importe de 5.857,54 euros para o proxecto “*Elaboración e implantación do I Plan de igualdade na empresa e auditoría retributiva*”, motivada pola imposibilidade de levar a cabo o proxecto.



Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Dar conta e aceptar a renuncia do *Concello de Tui (P3605500B)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, os días 6 e 14 de marzo de 2024, co número de entrada WEB2024015485 e WEB2024017463, relativo á subvención concedida por importe de 5.857,54 €, para o proxecto “*Elaboración e implantación do I Plan de igualdade na empresa e auditoría retributiva*”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023.

9.33635.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB DE REMO VIRXE AA GUÍA PARA “ÁMBITO NÁUTICO (REMO)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 28/07/2023. (Expte.2023029133)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 3 de marzo aprobou as bases reguladoras de subvencións para a “*Clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais no ano 2023*” (acordo 14.32350) publicadas no BOPPO núm. 53 de 16 de marzo de 2023.

Segundo.- En data 17/04/2023 Xosé Anxel Barciela Meijide, en representación do *Club de Remo Virxe da Guía* (NIF: G36650273) presenta solicitude para o “*ámbito náutico (remo)*”, achegando un orzamento por importe de 16.900,00 €.

Terceiro.- En data 04/08/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 e posteriormente publícase corrección de erros do anuncio anterior no BOPPO 151 de 07 de agosto de 2023, a relación de subvencións concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais no ano 2023 e no que figura o *Club de Remo Virxe da Guía* (NIF: G36650273) e na contía de 3.874,46 € para a subvención solicitada.

Cuarto.- En data 04/04/2024 Xosé Anxel Barciela Meijide, en representación do *Club de Remo Virxe da Guía* (NIF: G36650273) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestamento da subvención concedida motivada pola imposibilidade de xustificar os gastos.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 05/04/2024 a renuncia presentada polo *Club de Remo Virxe da Guía* (NIF: G36650273).



Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.



É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Club de Remo Virxe da Guía* (NIF: G36650273) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 3.874,46 € para “ámbito náutico (remo)” (documento co KILKTDVCLRIIRQV).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

10.33636.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB MAREANTES RUGBY CLUB PARA “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (RUGBY)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 10/11/2023. (Expte.2023016810)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 27.01.23 aprobou as bases reguladoras de subvencións para a “*Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023*” (acordo 3.32143) publicadas no BOPPO núm. 42 de 1 de marzo de 2023.

Segundo.- En data 07/03/2023 Roberto Carlos Juncal Sánchez, en representación do MAREANTES RUGBY CLUB (NIF: G36058410) presenta solicitude para o “*ámbito inferior ao estatal na modalidade de Rugby*”, achegando un orzamento por importe de 32.909,64 €.

Terceiro.- En data 14/11/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 220 de 15/11/2023 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023 e no que figura o e na contía de 1.427,24 € para a subvención solicitada.

Cuarto.- En data 05/04/2024 Roberto Carlos Juncal Sánchez, en representación do G36058410 achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida motivada pola non xustificación en prazo.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 05/04/2024 a renuncia presentada polo MAREANTES RUGBY CLUB (NIF: G36058410).



Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.



É dicir, tanto o desestímulo como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Mareantes Rugby Club* (NIF: G36058410) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.427,24 € para a realización “*ámbito inferior ao estatal na modalidade de Rugby*” (documento co CSV: 2JON4SJSQ47SDUEQ).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

11.33637.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA E.P. 2106 A RAMALLOSA-PARADA, DENDE O P.Q. 3+200 AO P.Q. 4+195 (CONCELLO DE NIGRÁN)”. (Expte.2023004714)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/07/2023 adxudicou á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*” por un importe de 923.301,89€ IVE e un prazo de execución de OITO (8) MESES.

Resultando.- Que con data 01/09/2023 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 01/05/2024.

Resultando.- Que con data 07/03/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, REX\_WEB2024015850, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) meses, debido a que aínda que as infraestruturas necesarias para o soterramento da liña de Unión Fenosa están executadas, está aínda non executou os traballos de soterramento, sendo o citado soterramento necesario para poder proseguir con determinados traballos, pois a existencia de postes na traza da senda proxectada impide que se poida completar a obra.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: J69KRRYZM3KXGNA9, informe do director de obra no que se recolle o seguinte: “...Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, posto que se trata de postes de subministro eléctrico que se atopan na zona na que se vai a executar a senda e está obrigando a realizar a práctica totalidade dos traballos nesa zona mediante



medios manuais, provocando que os rendementos sexan mínimos. A día de hoxe, a empresa Unión Fenosa Distribución non iniciou os traballos de retranqueo das liñas, mais mediante conversa telefónica coa empresa recibíuse unha estimación de prazos indicando que as obras se executarán por unha empresa subcontratista de UFD durante a segunda metade do mes de abril. Por todo o anterior, considérase que o tempo perdido é de dous meses, polo que a prórroga que procede conceder para o prazo de execución da obra é de DOUS (2) MESES, ata o 1 de xullo de 2024...”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) SQ1R10KWEHXKCZG4 no que se recolle que “... *en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en DOUS (2) MESES, debendo reaxustarse o prazo no caso de que a compañía Unión Fenosa remate o traballos de soterramento da liña antes do tempo en que ten previsto facelo, sendo en todo caso a data de finalización deste contrato o 01/07/2024. De transcorrer o prazo de DOUS (2) MESES sen que Unión Fenosa Distribución retirara os postes e soterrada a liña, deberá formalizarse entre o director de obra e o contratista acta de suspensión da obra, , debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas...*”

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...*O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...*”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...*Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...*”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. *A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...*”

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE S.A.U. (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.





Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa **TECNICA Y PROYECTOS, S.A.**, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na prorroga da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*”, por un importe de 1.685,16 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: 238WZM5J8J3EYWRQ, no que se recolle que aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/61, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202400078189.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa **CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.**, unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, na execución do contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 01/07/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente as penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa **ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE S.A.U.** (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na prorroga da obra “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*” (Expte. 2024023406), por un importe de 1.685,16 €, IVE Incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	1.392,70 €
IVE (21 %) .....	292,46 €
Importe total .....	1.685,15 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante DOUS (2) MESES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na E.P. 2106 A Ramallosa-Parada, dende o P.Q. 3+200 ao P.Q. 4+195 (Concello de Nigrán)*”, con efectos dende o 02/05/2024

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024023406



12.33638.- TERCEIRA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0104 RAMAL - IGREXA DE FIGUEIRIDO (VILABOA)”. (Expte.2022074028)

Resultando.- Que Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.*, o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, por un importe de 466.959,53 € IVE incluído., e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 17/07/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 17/11/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/10/2023 acordou conceder á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.*, unha ampliación de prazo de dous (2) meses, na execución do contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 17/01/2024.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/01/2024 acordou conceder á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.*, unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 17/03/2024.

Resultando.- Que con data 05/03/2024 (REX\_WEB2024015369) tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha terceira ampliación do prazo de execución de UN (1) MES, debido ás seguintes circunstancias:

- Os postes de subministro eléctrico da compañía Unión Fenosa Distribución continúan no mesmo emprazamento do inicio das obras, impedindo o normal desenvolvemento dos traballos de formigonado da senda e a súa correcta finalización.
- As condicións climatolóxicas adversas rexistradas durante o período comprendido entre o 01/01/2024 e o 06/03/2024 con intensas chuvias que impediron o rápido desenvolvemento dos traballos de recheo, compactación, instalación de caz, formación de subbase.

Resultando.- Que Consta no expediente con CSV: I604CIQZJGVJ6NEE solicitude de informe realizada polo do xefe Servizo de Contratación ó director de obra para que aclarara diversas cuestión. Recolle na citada solicitude o xefe do Servizo de Contratación que: “*..O contratista solicitou a primeira prorrogación de DOUS (2) MESES, alegando que na traza da obra existían postes de subministro eléctrico da compañía Unión Fenosa que impedían a correcta execución da senda proxectada, sendo necesario o seu retranqueo para poder completar a maioría dos traballos da obra, sinalando que a día de realizar a solicitude de prorrogación, non foi realizado ningún traballo por FENOSA. Derivado do dito no parágrafo anterior solicitouse no seu día, informe á directora de obra, emitindo o mesmo na data 26/09/2023, recollendo*



*que se recibiu unha estimación da empresa FENOSA indicando que as obras de retranqueo dos postes se executarían durante o mes de outubro, considerando que o tempo perdido foi de DOUS (2) MESES, e considerando que procedería conceder a prorroga. A interferencia dos postes de FENOSA na execución da obra xa tivo que ser detecta na acta de replanteo previo e na acta de comprobación de replanteo. Aínda así a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/10/2023 concedeu unha ampliación de prazo de DOUS (2) MESES, no que se considerou o tempo perdido na execución da obra pola interferencia dos citados postes. A día de hoxe, segundo o recollido na solicitude de prorroga efectuada polo contratista os postes seguen sen ser retirados, solicitando unha nova prorroga dun mes, sen establecer previsión algunha da retirada dos postes. Non se entende xustificada unha nova concesión por esta causa debéndose suspender o contrato, xa que esta actuación non esta vinculada ao contrato dependendo dunha terceira empresa. As unidades que non se visen afectadas xa terían que estar executadas*

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: WX04EGBSGFRHI51Y informe do director no que se recolle entre outros o seguinte: “...a Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, posto que entre xaneiro e principios de marzo producíronse episodios de choiva, impedindo a realización de controis de calidade nos recheos, a colocación de parte do caç e impedindo labores de formigonado. A continuación achégase a táboa de Meteogalicia [...]. considérase que o tempo perdido é de un mes, polo que a prórroga que procede conceder para o prazo de execución da obra é de UN (1) MES, ata o 17 de abril de 2024.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) HQUAUQUZRRKH6N0NX no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en UN (1) MES debido á demora provocada polas choivas que se produciron entre xaneiro e marzo de 2024, sendo a data de finalización deste contrato o 17/04/2024.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándosele un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L., o contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na segunda prorroga da obra “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)”.



Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS, S.L., para a adxudicación Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na terceira prorroga da obra "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)" por un importe de 484,00 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización que consta con CSV: 5S02RQN7URUU5Q78, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2021041512, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202400077163.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., unha ampliación de prazo de UN (1) MES, na execución do contrato de obras "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)" establecendo coma data para finalizar a obra o día 17/04/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCION DE RIESGOS SL (CIF B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na terceira prorroga da obra "Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)" (expte 2024022405), por un importe de 484,00 € de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	400,00 €
IVE (21 %) .....	84,00 €
Importe total .....	484,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante UN (1) MES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras " Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)" con efectos dende o 18/03/2024.



Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024022405.

13.33639.- DECLARACIÓN DE ABANDONO DA EMPRESA MARE NOSTRUM SERVICIOS GRÁFICOS, S.L. (CIF: B96472469) DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS. (Expte.2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2022, acordou admitir á empresa Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:

- Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexas 79800000-2 Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
- Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6 Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.

O referido contrato formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469) con data 24 de outubro de 2022, con efectos desde o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023, establecéndose a posibilidade de dúas prórrogas cunha duración dun ano.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou a primeira prórroga do *“Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros”*.

Mediante Resolución Presidencial número 2024001748 de data 01/03/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de impresión de 3.600 libretas do proxecto *“Aquí faltan páxinas”*. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 04/03/2024, a empresa Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469) non presentou oferta.



Mediante Resolución Presidencial número 2024001739 de data 01/03/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de Deseño e maquetación do libro “*San Domingos de Pontevedra. Fortuna patrimonial e memoria urbana dunha ruína*” de Begoña Fernández Rodríguez. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 04/03/2024, a empresa *Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L.* (CIF: B96472469) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2024001953 de data 08/03/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de impresión do libro “*Los Exvotos en Galicia. Su significación en la religiosidad popular. De la cera a los cuadros votivos*” de José Fuentes Alende. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 08/03/2024, a empresa *Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L.* (CIF: B96472469) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2024002244 de data 18/03/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de Impresión do folleto “*Grandía, a bruxa de cores*” para o departamento de Educación do Museo de Pontevedra. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 19/03/2024, a empresa *Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L.* (CIF: B96472469) non presentou oferta.

Tendo en conta que a empresa *Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L.* (CIF: B96472469) foi invitada a presentar oferta na licitación de todos os contratos específicos que se tramitaron desde a sinatura do contrato, sen embargo, non presentou oferta ás catro últimas invitacións consecutivas.

Tendo en conta que o apartado 7 do prego de cláusulas económico administrativas establece que “*en calquera momento de vixencia do presente sistema poderán as/os empresarios abandonalo, entendéndose que exerceron esta opción no caso de que non presenten oferta en catro licitacións consecutivas. En ambos casos é o órgano de contratación o encargado de acordar dita exclusión. O abandono do sistema non impedirá a reincorporación nun momento posterior*”.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 5 de abril de 2024 no que, a modo de conclusión indica que:

“*Tendo en conta que a empresa Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469) non presentou oferta aos catro últimos contratos específicos, de conformidade co apartado 7 do PCAP, considérase que abandonou o sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra.*”.

Considerando que a Xunta de Goberno foi o órgano que declarou a admisión das empresas no sistema dinámico para a adquisición dos servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra ó estimarse que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 €.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir por abandono á empresa *Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L.* (CIF: B96472469) do sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra, ao non presentar oferta aos catro últimos contratos específicos.

14.33640.- REAXUSTE DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DERIVADO LOTE 5. ZONA E2 DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2022017782)

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, Zona E2 – Lote 5” á empresa *Construcciones Fechi, S.L.*

A Xunta de Goberno de data 6 de maio de 2022, adxudicou o “Contrato derivado das obras na ZONA E2- lote 5 do Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria” do polo importe 723.057,28 € IVE incluído.

Con data 24 de xaneiro de 2023 a empresa *Construcciones Fechi, S.L.* presenta por rexistro (WEB2023003647) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o antedito contrato.

A Xunta de Goberno de data 15 de setembro do 2023, acordou aprobar a revisión excepcional de prezos do dito contrato, aplicando a fórmula nº 153 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, por importe de 121.569,28 €, IVE incluído.

Por Resolución Presidencial RP2023007640 de data 11 de outubro do 2023 apróbase o recoñecemento da obriga e o pago la certificación de revisión de prezos polo importe acordado 121.569,28 €.

Unha vez publicados os índices definitivos que afectan ao período de execución de obra, o Servizo de Infraestruturas, con data 18 de decembro do 2023, emite novo informe (CSV 7BLSWJMJ9NK33RFR) determinando que a revisión de prezos que procedería é de 116.356,59 €.

Tendo en conta a diferenza existente entre o aboado e o importe actualizado resultante da revisión de prezos, é necesario un reaxuste no importe aboado a empresa, que representa unha diferenza con respecto á revisión anterior de 5.212,69 € menos.

Trasladado o expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, con data 6 de febreiro, informa, favorablemente á proposta de reaxuste da revisión excepcional de prezos, procedendo a devolución pola empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861) a cantidade de 5.212,69 €.



A efectos da tramitación da devolución, achegarase polo contratista a certificación e a factura de abono correspondentes á citada liquidación.

Por Resolución Presidencial RP2024001642 de data 27/02/2024 concédese trámite de audiencia ao contratista cun 10 días para presentar as alegacións que considere oportunas. Con data 04/03/2024 a empresa presenta a súa conformidade co reaxuste da revisión de prezos.

Con data 02/04/2024 Secretaría Xeral emite informe prestando “*conformidade á proposta de reaxuste na revisión excepcional de prezos do presente contrato, tendo en conta as circunstancias que concorren no mesmo e a existencia do informe do servizo responsable do mesmo*”.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as fórmulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.





A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Reaxustar a revisión de prezos excepcional, aplicando os índices definitivos no “Contrato derivado LOTE 5. ZONA E2 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022”, adxudicado á empresa *Construcciones Fechi, S.L* ( B36258861), por importe de 116.356,59 € (IVE incluído).

Tendo en conta que con data 13/10/2023 foron aboados 121.569,28 €, corresponde a devolución por parte da empresa *Construcciones Fechi, S.L* (B36258861), da diferenza, 5.212,69 €.

A efectos da tramitación da devolución, o contratista achegará unha certificación e a factura de abono correspondentes á citada liquidación.

No caso de non procederse ao seu aboo de forma voluntaria, a Administración está facultada para o seu cobro aplicando as medidas que a lexislación lle atribúe así como a dedución da garantía definitiva depositada pola adxudicataria.

15.33641.- REAXUSTE NA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III” – LOTE 3. (Expte.2020019248)

A Xunta de Goberno de data 26 de marzo de 2021, adxudica o lote 3 do contrato do “*Plan Móvese. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III*” á empresa *Construcciones Rafer, S.L.*, polo importe 980.204,22 € IVE incluído.

Con data 5 de setembro de 2022 a empresa *Construcciones Rafer, S.L.* presenta por rexistro (WEB2022048021) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o antedito contrato.

A Xunta de Goberno de data 28 de abril do 2023, acordou aprobar a revisión excepcional de prezos do dito contrato, aplicando a fórmula nº 382 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, por importe de 130.593,93 €, IVE incluído.

Por Resolución Presidencial RP2023005954 de data 26 de xullo do 2023 apróbase o recoñecemento da obriga e o pago la certificación de revisión de prezos polo importe acordado 130.593,93 €.

Unha vez publicados os índices definitivos que afectan ao período de execución de obra, o Servizo de Infraestruturas, con data 18 de decembro do 2023, emite novo informe (CSV 9XYPQ646047OSOFK) determinando que a revisión de prezos que procedería é de 129.312,27 €.

Tendo en conta a diferenza existente entre o aboadado e o importe actualizado resultante da revisión de prezos, é necesario un reaxuste no importe aboadado a empresa, que representa unha diferenza con respecto á revisión anterior de 1.281,66 € menos.



Trasladado o expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, con data 31 de xaneiro, informa, favorablemente á proposta de reaxuste da revisión excepcional de prezos, procedendo a devolución pola empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (B36052702) a cantidade de 1.281,66 €.

A efectos da tramitación da devolución, achegárase polo contratista a certificación e a factura de abono correspondentes á citada liquidación.

Por Resolución Presidencial RP2024001641 de data 27/02/2024 concédese trámite de audiencia ao contratista cun 10 días para presentar as alegacións que considere oportunas. Transcorrido dito prazo non de achegan alegacións nin documentación complementaria ningunha.

Con data 02/04/2024 Secretaría Xeral emite informe prestando “*conformidade á proposta de reaxuste na revisión excepcional de prezos do presente contrato, tendo en conta as circunstancias que concorren no mesmo e a existencia do informe do servizo responsable do mesmo*”. Incluindo como observación “*(...) No caso de non procederse ao seu abono de forma voluntaria, a Administración está facultada para o seu cobro aplicando as medidas que a lexislación lle atribúe así como a dedución da garantía definitiva depositada pola adxudicataria, de poder levarse a cabo*”.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6 , 7 , 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as fórmulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Reaxustar a revisión de prezos excepcional, aplicando os índices definitivos do Lote 3 do “*Plan Móvese. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III*”, adxudicado á empresa *Construcciones Rafer, S.L.* (B36052702), por importe de 129.312,27 €, (IVE incluído).

Tendo en conta que con data 31/07/2023 foron aboados 130.593,93 €, corresponde a devolución por parte da empresa *Construcciones Rafer, S.L.* (B36052702) da diferenza, 1.281,66 €.

A efectos da tramitación da devolución, o contratista achegará unha certificación e a factura de abono correspondentes á citada liquidación.

No caso de non procederse ao seu aboo de forma voluntaria, a Administración está facultada para o seu cobro aplicando as medidas que a lexislación lle atribúe así como a dedución da garantía definitiva depositada pola adxudicataria

16.33642.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO “PROGRAMA + BENESTAR” PARA O ANO 2024. (Expte. 2023045216)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas de inclusión e benestar social a través da convocatoria de programas que melloren a calidade de vida das persoas e promovan a participación e cohesión social da poboación da provincia.

Esta institución leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

Constituída a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove o programa termal + Benestar cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e como tratamento sanitario, que ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.



O programa ten un gran arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores (anteriormente SAÚDE E BENESTAR e DEPOTERMAL), a través dos cales se recibían unha media de preto de 4.000 solicitudes cada ano, así como o forte arraigo na provincia ao desenvolverse deste hai máis de 15 anos, o que constitúe unha proba do interese público deste tipo de actividades.

2º.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

No ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

3º.- O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente no momento da solicitude calquera dos establecementos ofertados (anexo II), se ben a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade. Ademais da estada, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); utilización do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares, un mínimo de dúas horas ao día; e os traslados en autobús.

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executalo, coordinalo e avalialo, e que contará con persoal cualificado.

Todos aqueles concellos xa adheridos na convocatoria de 2022, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 64, de 1 de abril de 2022, que se recollen no anexo I das bases considéranse entidades colaboradoras.



Estas entidades colaboradoras realizarán a asistencia e a xestión das solicitudes das persoas interesadas dentro do seu ámbito territorial, e poderán beneficiarse de prazas subvencionadas do réxime especial.

Poderán beneficiarse do programa termal as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroadas na provincia de Pontevedra.
- 2) Ter 55 anos ou máis.
- 3) No suposto de ter menos de 55 anos, para poder participar nesta convocatoria deberá producirse algunha das seguintes circunstancias:
  - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou co certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.
  - Ter a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
  - Ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu concello, un respiro familiar.
- 4) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- 5) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- 6) Ser unha persoa autónoma para realizar as actividades elementais da vida diaria.

4º.- A concesión destas prazas realizarase polo réxime de concorrencia competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social , a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno.

Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse por resolución da deputada delegada de área, que lle dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

Ofértanse 2.127 prazas nos seguintes termos :

- 2.097 prazas de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100€ do custo da praza (209.700,00 €)
- 30 prazas de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400,00€ do custo da praza (12.000,00 €)

Poderán ser beneficiarias das prazas de réxime especial, as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo.

Se non se cobren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, coñeceranse unha vez adxudicado o contrato de prestación de servizos.

A contía prevista para esta convocatoria é de douscentos vinte e un mil setecentos euros (221.700,00 €) con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

5º.- Con data 3/04/2024 Secretaría Xeral emite informe xurídico de conformidade coa proposta de bases (CSV IYBMS6RXEPI5UJZA) e con data 08/04/2024 o Servizo de Intervención informe favorablemente o expediente (CSV 0PGEJ3YG77AE8JEI)



De cordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras e o catálogo de obradoiros do Programa “+ *Benestar*” para o ano 2024.  
Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): 763YRD2USRGT3BBA.

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

17.33643.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes. 2024021698, 2024023368 e 2024023371)

A) Vista a relación de facturas con número 2024021698, que contén 5 facturas e por un importe de 4.079,47€ e con CSV: COIEOXC750NCX9OE, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/04/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	13.532,37 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Descontos despois de impostos .....	9.452,90 €
Total líquido.....	4.079,47 €

B) Vista a relación de facturas con número 2024023368, que contén 2 facturas e por un importe de 2.207,66€, e con CSV: 9KRBHEYHNT04RB3O, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 05/04/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	2.207,66 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	2.207,66 €



C) Vista a relación de facturas con número 2024023371, que contén 13 facturas e por un importe de 32.402,68€ e con CSV: BA75XC8SGEYYZAYC, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 05/04/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	31.066,12 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	1.336,56 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	32.402,68 €

18.33644.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2024021696)

Vista a relación de facturas con número 2024021696, que contén 3 facturas e por un importe de 3.060,26 € e con CSV: 3OH9FU6K1XRV5PTH, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/04/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	3.483,41 €
Descontos do IRPF.....	423,15 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	3.060,26 €

19.33645.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DUN “SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA 2024-2025”. (Expte.2024021548)

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión do 02/06/2023 adxudicou o contrato, de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería á empresa *AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros* (NIF:A60917978). O establece un prazo de duración de un ano con efectos desde o 01/07/2023 ata o 30/06/2024, sen posibilidade de prórroga, polo que o día 30/06/2024 producirase o vencemento do mesmo.



Deste xeito, a Deputación de Pontevedra debe dispoñer deste seguro de Responsabilidade Civil que ampare as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil e patrimonial establecida no artigo 106.2 da Constitución, e no capítulo IV da Lei 40/2015 de LRJSP, no exercicio das competencias da Deputación de Pontevedra e a Fundación Escola Universitaria de Enfermería, segundo a normativa vixente, que durante a vixencia deste seguro poda corresponder directa, subsidiaria ou solidariamente ao asegurado por danos corporais ou materiais e prexuízos consecuenciais ocasionados a terceiros, tanto no exercicio da súa actividade, como na explotación, uso ou utilización dos medios materiais e patrimonio que posúa por calquera título xurídico.

Neste senso, aínda que non existe unha obriga legalmente imposta, resulta conveniente a subscripción deste seguro, a través do cal, ademais de cubrir o risco indicado, se plasma a vontade corporativa de garantir a estabilidade na execución orzamentaria primando deste xeito a utilidade pública do aseguramento, ó satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia provincial, por resultar vinculada a actividade desta Administración. Por outra banda, cabe engadir o esencial rol na economía que xoga o sector financeiro en particular o sector asegurador do que deriva a súa importancia e establecemento dos mecanismos tendente á súa ordenación e supervisión. Así, de acordo coas previsións contidas na Lei 20/2015 de 14 de xullo de ordenación supervisión e solvencia das entidades aseguradoras só poden operar no sector en concepto de asegurador aquelas entidades autorizadas para realizar actividades de seguro.

Tendo en conta que en data 03/04/2024 a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita providencia de inicio de novo expediente para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería motivando a necesidade e idoneidade desta contratación na propia actividade da Deputación que require dispoñer deste seguro que ampare as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil no exercicio das súas competencias.

Visto que con data 08/04/2024 o Xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa (CSV: D9GNP0QPNJBMDPLM) para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación e Escola Universitaria de Enfermería na que informa que o réxime xurídico é un contrato privado de servizo non suxeito a regulación harmonizada sendo o procedemento aplicar o procedemento aberto por concorrencia das condicións do artigo 131 da LCSP.

Resultando que polo servizo de Contratación Facenda e Patrimonio elabórase o prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicítase o preceptivo informe á Secretaría Xeral.

Visto que con data 04/04/2024, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202400076958 polo importe de 100.000,00 euros, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2024/922.9330.224.01 do vixente orzamento provincial, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número 202400077000 polo importe de 100.000,00 €.





Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 04/04/2024.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 08/04/2024.

Tendo en conta o artigo 25.1.a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal os contratos de seguros cualifícanse como contratos privados; e o artigo 26.2 da mesma lei, segundo o cal ditos contratos rexeranse polas normas relativas ós contratos de servizos contidas nos Libros I e II da mencionada lei en canto á súa preparación e adxudicación, e polas normas de dereito privado en canto ós seus efectos e extinción.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente do procedemento aberto para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería 2024-2025 cun orzamento base de licitación é de 200.000,00 € (prima total anual), e un valor estimado do contrato de 200.000,00 €.
2. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 5NQTW6ROH33SK181) e de prescricións técnicas (CSV: P89XQ078CS6ZBFMF) que rexerán na referida contratación.



3. Autorizar o gasto polo importe máximo de 200.000 €, dos cales a cantidade de 100.000,00 € irá con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/922.9330.224.01 do vixente orzamento provincial, e a cantidade de 100.000,00 €, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2025.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2025 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

4. Nomear responsable do contrato ao Técnico adxunto á Xefatura de Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio.
5. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

20.33646.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN PARA OS CENTROS, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2023021435)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 19 de xaneiro de 2024, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 19 de xaneiro de 2024, aparecendo publicado o día 23 de xaneiro de 2023 (Anuncio de licitación 16/2024). Así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de xaneiro de 2024; na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

No obstante, mediante Resolución Presidencial número 2024001396, de 20/02/2024, acordouse aprobar a modificación do prazo de presentación de proposicións ó obxecto de amplialo ata as 10:00 horas do día 22 de febreiro de 2024, debido a existencia dunha incidencia xeral na plataforma de licitación Vortal que podía condicionar o acceso á mesma.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22 de febreiro de 2024, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21/03/2024, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa E-Luz Energy Solutions S.L (NIF: B01654359) por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato; clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Gas Natural Comercializadora SA (NIF: A61797536), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2024002424, de 22/03/2024 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Gas Natural Comercializadora SA (NIF: A61797536), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Gas Natural Comercializadora SA (NIF: A61797536) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB WEB2024023094, de data 05/04/2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 59.926,76€ (carta de pago núm. operación 202400078115, do 08/04/2024).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións, cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á empresa *E-Luz Energy Solutions S.L* (NIF: B01654359), por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato.

2.- Adxudicar o contrato de *Subministración de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra* á empresa *Gas Natural Comercializadora SA* (NIF: A61797536) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

a. Coste de xestión en €/MWh para cada unha das tres tarifas:

Tarifa	Coeficiente	Unidades	Custo
6.1TD	Custo Xestión	€/MWh	2,5
3.0TD			2,5
2.0TD			2,5

b. A empresa comprométese a realizar o estudo de aforro enerxético

O prazo de duración do contrato será dun ano a partir da data de inicio da subministración pola comercializadora adxudicataria. Establécese a posibilidade de 3 prórrogas cunha duración máxima dunha anualidade cada unha delas.

Por medio dun documento presentado na Sede Electrónica e dirixido ao Servizo de Arquitectura, a empresa adxudicataria deberá de comunicar a Deputación de Pontevedra a data efectiva do cambio de comercializadora, inicio das subministracións e fin dos contratos anteriores. Este documento debe ser presentado no prazo máximo dun mes dende o día seguinte á data de formalización do contrato.



**Financiación:** As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2024 financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentaria que se relacionan de seguido do vixente orzamento provincial, e as do ano 2025 contabilizarase nas correspondentes aplicacións, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2024 (maio - decembro)	Arquitectura	920.9200.221.00 Pazo Provincial	42.952,26 €
		920.9200.221.00 Edificio Administrativo	67.418,81 €
		920.9200.221.00 Sede de Vigo	9.636,71 €
		920.9200.221.00 Rúa Nova de Abaixo 1ºdrto (Pontevedra)	63,44 €
		920.9200.221.00 Rúa Pico del Alba 1ºIzq (Madrid)	45,75 €
		920.9200.221.00 Rúa Coruña 26 (Tui)	363,45 €
	Turismo Rías Baixas	433.4320.221.00 Palacete das Mendoza	11.459,48 €
		433.3360.221.00 Castelo de Soutomaior	11.148,31 €
		433.3363.221.00 Castelo de Sobroso	5.747,28 €
	Asistencia Intermunicipal	923.1623.221.00 Oficina Revitaliza	2.452,09 €
	Cooperación cos municipios	942.4330.221.00 Viveiro de Barro (Servizos xerais, Of. 14 e 15)	39.056,02 €
		942.4330.221.00 Viveiro de Lalín	6.397,99 €
	Finca Mouriscade	410.4120.221.00 Laboratorio Finca Mouriscade	52.168,73 €
	Infraestruturas	456.4530.221.00 Parque Maquinaria Barro	22.566,73 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Lalín	1.939,69 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Gondomar	2.468,17 €
		456.4530.221.00 Ponte de Catoira	5.051,27 €
	Medio Ambiente	410.4100.221.00 Lodeiro 1 (Campo Lameiro) Coto Cutián	304,86 €
	Areiro	413.4123.221.00 Estación Fitopatolóxica Areiro	57.999,89 €
	ORAL	932.9320.221.00 Oral Pontevedra: Av. Marín 19 e Av. Marín 9	20.189,05 €
		932.9320.221.00 Oficinas periféricas: A Estrada, O Porriño, Moaña, Vilanova de Arousa, Nigrán, Caldas de Reis, Tui, Sanxenxo, Lalín e Pontearreas	20.649,41 €
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 1	129.013,43 €
		232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 2	99.967,63 €
		232.2312.221.00 Rúa Amado Carballo 10D e Rúa Amado Carballo 2B	100,35 €
	Museo de Pontevedra	333.3330.221.00 Ruínas de Santo Domingo	745,83 €
		333.3330.221.00 Fernández López	25.876,53 €
		333.3330.221.00 Edificio Castelao	331.035,21 €



Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2025 (xaneiro - abril)	Arquitectura	920.9200.221.00 Pazo Provincial	21.476,13 €
		920.9200.221.00 Edificio Administrativo	33.709,40 €
		920.9200.221.00 Sede de Vigo	4.818,36 €
		920.9200.221.00 Rúa Nova de Abaixo 1ºdrto (Pontevedra)	31,72 €
		920.9200.221.00 Rúa Pico del Alba 1ºIzq (Madrid)	22,88 €
		920.9200.221.00 Rúa Coruña 26 (Tui)	181,73 €
	Turismo Rías Baixas	433.4320.221.00 Palacete das Mendoza	5.729,74 €
		433.3360.221.00 Castelo de Soutomaior	5.574,16 €
		433.3363.221.00 Castelo de Sobroso	2.873,64 €
	Asistencia Intermunicipal	923.1623.221.00 Oficina Revitaliza	1.226,05 €
	Cooperación cos municipios	942.4330.221.00 Viveiro de Barro (Servizos xerais, Of. 14 e 15)	19.528,01 €
		942.4330.221.00 Viveiro de Lalín	3.199,00 €
	Finca Mouriscade	410.4120.221.00 Laboratorio Finca Mouriscade	26.084,37 €
	Infraestruturas	456.4530.221.00 Parque Maquinaria Barro	11.283,37 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Lalín	969,84 €
		456.4530.221.00 Parque Maquinaria Gondomar	1.234,09 €
		456.4530.221.00 Ponte de Catoira	2.525,63 €
	Medio Ambiente	410.4100.221.00 Lodeiro 1 (Campo Lameiro) Coto Cutián	152,43 €
	Areiro	413.4123.221.00 Estación Fitopatolóxica Areiro	28.999,94 €
	ORAL	932.9320.221.00 Oral Pontevedra: Av. Marín 19 e Av. Marín 9	10.094,53 €
		932.9320.221.00 Oficinas periféricas: A Estrada, O Porriño, Moaña, Vilanova de Arousa, Nigrán, Caldas de Reis, Tui, Sanxenxo, Lalín e Pontearreas	10.324,71 €
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 1	64.506,72 €
		232.2312.221.00 Av Montecelo 12 - 2	49.983,82 €
232.2312.221.00 Rúa Amado Carballo 10D e Rúa Amado Carballo 2B		50,17 €	
Museo de Pontevedra	333.3330.221.00 Ruínas de Santo Domingo	372,92 €	
	333.3330.221.00 Fernández López	12.938,26 €	
	333.3330.221.00 Edificio Castelao	165.517,60 €	



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

*O pagamento á empresa efectuarase previa aprobación da correspondente factura ou facturas, logo da prestación das subministracións obxecto do presente contrato.*

*A facturación da enerxía consumida realizarase por meses naturais de acordo cos datos rexistrados nos equipos de medida instalados para este fin. En caso contrario, nas facturas indícarase que os consumos son estimados.*

*As facturas de cada punto de subministración correspondentes a un mes natural de consumo agrúpanse nunha única data de envío. A empresa adxudicataria acbegará no devandito envío unha folla resumen coa principal información dos datos facturados por punto de subministración.*

*A empresa adxudicataria emitirá mensualmente unha única factura por punto de subministración que inclúa todos os conceptos relativos ao momento de subministración: consumo eléctrico, prezo do termo de enerxía por período tarifario, imposto Eléctrico (IEE), IVE, etc.*

*Na factura emitida pola empresa adxudicataria, o consumo eléctrico a facturar corresponderá co 100% do consumo realizado no mes natural ao que lle será de aplicación o Prezo da Enerxía que corresponda segundo o establecido no apartado 8 "Prezo do contrato" do prego de prescricións técnicas.*

*O Termo de Enerxía calcularase como resultado da aplicación do Prezo da Enerxía aos consumos dos Puntos de Subministración no período facturado. O Prezo da Enerxía será o que se estableza no Contrato segundo sexan as condicións resultantes da adxudicación.*

*O Termo de Potencia e as recargas por excesos de potencia e enerxía reactiva calcularanse cumprindo as regras establecidas no Real Decreto 1164/2001, ou na regulación posterior que a modifique ou a substitúa. O Prezo da Potencia será en todo momento o que corresponda segundo a regulación vixente.*

*Desagregarase o importe correspondente ao imposto especial sobre a electricidade (en diante o Imposto Eléctrico ou IEE), así como do Imposto sobre o Valor Engadido (en diante o IVE) en cada unha das facturas. No caso de que durante a duración do Contrato fose posible a exención do IEE, xa sexa total ou parcial, para calquera punto de subministración da Deputación de Pontevedra, a empresa adxudicataria deberá realizar as xestións oportunas para a obtención da devandita exención e repercutir á Deputación de Pontevedra a redución que puidese proceder.*

*As facturas emitidas deberán conter toda a información necesaria para a súa correcta interpretación e de forma explícita con carácter enunciativo e non limitativo:*

- *Datos da Razón Social:*
  - *Nome e dirección da Razón Social*
  - *NIF*
- *Datos do Punto de Subministración:*
  - *Nome do punto de subministración o CUPS*
  - *Dirección do Punto de Subministración de acceso*
- *Datos do Contrato e Factura:*
  - *Número de Contrato*
  - *Número de Factura*
- *Valores rexistrados:*
  - *Enerxía activa por Período Tarifario*



– *Conceptos facturados:*

- *Prezo da enerxía por Período Tarifario*
- *Importe do termo de enerxía por Período Tarifario (€)*
- *Importe do Mecanismo de axuste (€)*
- *Importe do Imposto Eléctrico (€)*
- *Importe correspondente ao IVE (€)*

*A Deputación de Pontevedra rexeitará a tramitación das facturas que incumpran calquera dos requisitos expresados ou que conteña datos que se consideren erróneos e procederá á devolución das mesmas para a súa corrección.*

*Actualmente a Deputación de Pontevedra non presenta ningún subministro acollido a modalidade de subministro con autoconsumo con excedentes acollida a compensación. Se ben, determínase que en caso de que algún punto poida acollerse a esta modalidade, a adxudicataria compensará a enerxía excedentaria de cada período de facturación ao prezo medio calculado segundo os prezos publicados en REE denominados “prezo da enerxía excedentaria de autoconsumo para o mecanismo de compensación simplificada (PVPC)”, conforme ao estipulado no Real Decreto 244/2019.*

*A empresa adxudicataria remitirá, mensualmente, ao responsable do contrato xustificación da aplicación de todos os conceptos do prezo do kWh facturado, incluído o custo de xestión.*

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2023021435		
Órgano xestor:					
Arquitectura: LA0006124					
Turismo Rías Baixas: LA0006122					
Asistencia Intermunicipal: LA0006129					
Cooperación cos municipios: LA0006138					
Finca Mouriscade: LA0006120					
Infraestruturas: LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135	
Medio Ambiente: LA0006119					
Areiro: LA0006121					
ORAL: LA0006136					
Centro Príncipe Felipe: LA0006112					
Museo de Pontevedra: LA0006116					





Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: *María Carmen Gómez Manzano*, Xefa do Servizo de Arquitectura.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpusese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

21.33647.- AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN NÚM.11 DA OBRA DO “CONTRATO DERIVADO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022”.  
(Expte. 2023004479)

*Resultando.*- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 17/03/2023 acordou adxudicar a empresa “*Explotaciones Gallegas, SL*” (NIF B15410608) o contrato baseado Lote 3/2022 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra por un importe de 665.125,49 € (IVE engadido) e un prazo de execución de seis (6) meses.

*Resultando.*- Que con data 22/03/2023 formalízase a acta de comprobación de replanteo, establecendo como data para finalizar a obra o día 22/09/2023.

*Resultando.*- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 25/09/2023 acordou conceder á empresa “*Explotaciones Gallegas, SL*” unha ampliación de prazo de tres (3) meses, na execución do contrato de obras “*Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra 2022*”, establecendo como data para finalizar a obra o día 22/12/2023, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas.

*Resultando.*- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/12/2023 acordou suspender a execución do “*Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra 2022*”, con efectos dende o 21/12/2023.



*Resultando.- Que, posteriormente, en data 16/01/2024 incorpórase ao expediente a acta de reinicio das obras con efectos dende esta mesma data, na que fai constar que “Suspendéranse as obras con data 21 de decembro de 2023 debido ó peche das fábricas no período navideño que imposibilitaba realizar os suministros necesarios, esta circunstancia unido ás choivas e á humidade ambiental existente, non permitía realizar o formigonado dos tramos de cunetas pendentes. Superadas estas incidencias, levántase acta de reinicio de obras”.*

*Resultando.- Que remitida ao servizo de Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 11, este en data 25 e marzo do 2024 emite dilixencia de devolución por atoparse a obra fóra de prazo e faltar a xustificación da demora e, no seu caso, a imposición de penalidades.*

*Resultando.- Que en data 2 de abril de 2024 o director das obras emite informe de xustificación da demora no prazo da execución das obras no que fai constar que “o remate dos traballos excedeu polo tanto en dúas semanas respecto ao prazo oficial, debido a que durante os últimos meses estivo chovendo de maneira case ininterrompida retrasándose por ilo os traballos, ao non poder botar o formigón nas cunetas coa choiva.*

*Resultando.- Que remitida novamente ao servizo de Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 11, esta emite o correspondente informe en data 5 de abril do 2024, concluíndo que “dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”. Así mesmo, fai constar que “Apréciase unha importante demora na expedición da certificación incumprindo o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público)”.*

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial das seguintes obrigas:

- Certificación núm. 11 da obra “*Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra 2022*”, debendo librarse os seus importes con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Certificación nº	Importe
EXPLOTACIONES GALLEGAS, SL (NIF B15410608)	24/456-4530-612.01.2022	11	9.984,90 €
		SUBTOTAL	9.984,90 €
		Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	277,38 €
		Control de calidade (3% PEM licit.)	228,93 €
		Total descontos	506,31 €
		<b>TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR</b>	<b>9.478,59 €</b>



22.33648.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL Á PON2030 DO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NA RÚA DA FORCA” (Expte.2024021522)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2024, mediante rexistro WEB2024020602, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Salvaterra de Miño* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª e 23ª das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 107.992,50 €, co obxecto do financiamento da aportación municipal ao investimento “*Achega Municipal Á Pon2030\_Recuperación do espazo para uso peonil na Rúa da Forca*”, cuxo orzamento ascende 539.962,50 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	539.962,50	107.992,50	431.970,00	0,00

Consta no expediente documento acreditativo da titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, precisando que a execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan; sendo aquel plan o Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.



## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

#### PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de, e data 05/04/2024 da xefa do servizo de Cooperación de data 09/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Salvaterra de Miño*, CIF: P3605000C, ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1\_Investmentos, por importe de 107.992,50 € co obxecto do financiamento da achega municipal ó programa PON2030 do investimento “*Recuperación do espazo para uso peonil na Rúa da Forca*” (Expte.2024021522), cuxo orzamento ascende 539.962,50 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
2024	539.962,50 €	107.992,50 €	431.970,00 €	0,00 €



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa PON2030 e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Programa PON2030 aprobado por acordo plenario núm. 2.7960 de 06/03/2023 (BOPPO nº 46 do 07/03/2023).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

23.33649.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PON2030 DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN SENDA PEONIL E VÍA CICLABLE NO CONTORNO LAGOA DE PORTO PIÑEIRO” (Expte.2024021699)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021298, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Valga* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª e 23ª das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 92.210,71 euros, co obxecto do financiamento da aportación municipal ao investimento “*Achega Municipal Pon2030\_Construcción Senda Peonil E Vía Ciclable No Contorno Lagoa Porto Piñeiro*”, cuxo orzamento ascende 614.738,09 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas - €	Fondos propios do Concello -€
2024	614.738,09	92.210,71	522.527,38	0,00



Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens/terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, precisando que a execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel plan o Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

### II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

#### INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



## PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

## RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.





A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 05/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 08/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder unha subvención ao *Concello de Valga*, CIF: P3605600J, ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1\_Investmentos, por importe de 92.210,71 € co obxecto do financiamento da achega municipal ó programa PON2030 do investimento “*Construción senda peonil e vía ciclable no Contorno Lagoa de Porto Piñeiro*” (Expte. 2024021699), cuxo orzamento ascende 614.738,09 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
2024	614.738,09 €	92.210,71 €	522.527,38 €	0,00 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Programa PON2030 e realizaranse as oportunas operacións de formalización.
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Programa PON2030 aprobado por acordo plenario núm. 2.7960 de 06/03/2023 (BOPPO nº46 do 07/03/2023).
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Valga*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

24.33650.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

25.33651.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

26.33652.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

